

PROGRAMA MUNICIPAL DE INCLUSIÓN SOCIAL. 2017-2020

1.- FUNDAMENTACIÓN

O **concepto de inclusión social** fai referencia á incorporación da poboación ás prestacións dos distintos sistemas funcionais da sociedade e defínese como o conxunto de medidas a adoptar para lograr a integración dos individuos e grupos que se atopan en situación ou risco de exclusión social.

A inclusión social é un proceso que asegura que tódalas persoas teñen as oportunidades e os recursos necesarios para participar plenamente na vida económica, social, política e para aspirar a unhas condicións de vida dignas.

Esixe o acceso garantido á cidadanía e ós dereitos económicos, políticos e sociais correspondentes á mesma, así como as posibilidades de participación efectiva na esfera política.

O traballo, é o gran pilar sobre o que se sustenta a inclusión social, posto que é a vía principal de obtención de ingresos para a maior parte da poboación, a base coa que se calcula o grado de cobertura social da poboación inactiva e tamén unha das principais vías de identidade persoal. Polo tanto, o grado e o tipo de participación no traballo determinan dunha forma moi clara e directa as condicións obxectivas de exclusión e inclusión social. É un estado, un proceso, definido pola calidade e a cantidade da participación activa do individuo no seu entorno ou comunidade.

As medidas de inclusión social supoñen a creación de redes de reciprocidade social, requiren apoio e intervención social, evitan por tanto, o asistencialismo e a dependencia.

Debido ao carácter multidimensional da exclusión social hai que partir do feito de que a exclusión é un proceso dinámico no que se poden identificar diferentes estados, diferentes graos que van desde un alto grao de inclusión ata a máis completa das exclusións e pode ter un carácter transitorio ou máis permanente.

A precariedade do equilibrio social pode converterse en exclusión social como consecuencia das dinámicas de intensificación dos riscos ou a aparición de novos factores de exclusión que poidan ou non estar vinculados ao resto de factores preexistentes. Non debemos centrarnos unicamente naquelas persoas que chegaron ás estacións finais do itinerario, senón tamén nos que se atopan facendo o camiño, podendo establecer tres zoas neste percorrido que nos axuden a dirixi-la intervención:

.- alto nivel de emprego: persoas e/ou unidades familiares que polas súas características persoais e sociais son consideradas plenamente capaces para adaptarse ao medio no que viven, independentemente de que sufran situacións críticas puntuais que poidan superar con ou sen apoio.

.- situación de vulnerabilidade: persoas e/ou unidades familiares nas que se dan circunstancias e variables de vulnerabilidade incipientes pero con tendencia crecente, si non hai medidas preventivas e/ou compensatorias.

.- situación de exclusión: persoas e/ou unidades familiares onde existe unha presenza histórica de indicadores de exclusión consolidada, estable e tendente á cronificación ou xa cronificada.

1.1.- LEI 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no artigo 11.c), establece como funcións dos servizos sociais comunitarios básicos, a identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

No artigo 13.a) define como función dos servizos sociais comunitarios específicos o desenvolvemento de programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.

1.2.- LEI 10/2013 do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, establece os criterios de valoración da situación ou de risco de exclusión social (art. 3) :

- *Atoparse nunha situación de cargas familiares non compartidas .*
- *Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.*
- *Ter a condición de vítima de violencia de xénero.*
- *Ter a condición de vítima de violencia doméstica.*
- *Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%.*
- *Ser inmigrante ou emigrante retornado.*
- *Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores*
- *Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria*
- *Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda*
- *Pertencer a unha minoría étnica*
- *Estar en proceso de abandono da prostitución ou ser vítima de explotacións sexual-laboral en redes de prostitución ou trata de persoas.*
- *Ter a condición de persoa transexual ou estar inmerso nun proceso de reasignación sexual.*
- *Calquera outro factor non previsto, que ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.*

No artigo 58, establece demarcacións territoriais as que se lles asignarán equipos de inclusión sociolaboral, garantindo unha distribución equilibrada. Ademais asegurárase a presenza dun equipo de inclusión sociolaboral en cada cidade de máis de 50.000 habitantes.

1.3.- Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020

Os obxectivos e medidas da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 están dirixidos a abordar as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social.

Aos efectos desta Estratexia, terán a consideración de exclusión social as situacións que experimentan as persoas que se atopan cun déficit grave de recursos económicos, aínda que realicen actividades laborais, e que presentan, ademais, factores de vulnerabilidade establecidos, no artigo 3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, sempre cando estes constitúan un atranco para a súa inserción social e laboral.

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia estará vixente no período comprendido entre os anos 2014 e o 2020, en concordancia co desenvolvemento temporal do novo período de financiamento do Fondo Social Europeo, en cuxo programa operativo para Galicia se enmarca.

O contido obxecto de planificación descrito no documento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia desenvolverase a través de tres Plans Operativos de Inclusión Social bianuais que se levarán a cabo de xeito consecutivo entre os anos 2015 e 2020, ambos os dous incluídos.

1.3.1.- Prioridades transversais da estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020



- *Loitar contra a pobreza infantil*
- *Previr a pobreza e a exclusión social*
- *Consolidar e mellorar os procesos de coordinación*
- *Promover e facilitar a participación das entidades de iniciativa social*
- *Abordar e reducir as consecuencias da exclusión territorial*
- *Promover a igualdade entre mulleres e homes*
- *Xerar coñecemento sobre a inclusión social e difundir a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020*
- *Promover a inclusión dixital das persoas en situación ou risco de exclusión social e o uso das TIC na intervención a prol da inclusión social*

1.3.2.- Prioridades sectoriais da estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020

- *Fomentar unha intervención de calidade desde e/ou dos servizos sociais na abordaxe das situacións persoais e familiares de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social*
- *Atender de xeito específico os factores de exclusión social que presentan determinadas persoas ou grupos vulnerables para acadar a súa plena integración social*
- *Xestionar uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral*
- *Favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo*
- *Promover o acceso á educación e á formación, previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias*

2.- PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

2.1.- INTERVENCIÓN ESPECÍFICA ORIENTADA A ABORDAR DETERMINADOS FACTORES DE VULNERABILIDADE DESDE A CONCELLALÍA DE ASUNTOS SOCIAIS DO CONCELLO DE OURENSE.

Partimos da base existente neste momento e que abrangue os servizos,

- DIRIXIDOS A PERSOAS PERTENCENTES A MINORÍAS ÉTNICAS:
Atención a poboación xitana
Atención a outras minorías étnicas
- DIRIXIDOS A PERSOAS SEN FOGAR
Personas sen fogar
- DIRIXIDOS A INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS
Atención a inmigrantes e emigrantes retornados
- DIRIXIDOS Á EMPREGABILIDADE E FORMACIÓN
Atención á incorporación socio-laboral. IMEDRA.
 - Conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

2.2.- ACTUACIÓN MUNICIPAL NO EIDO DA INCLUSIÓN SOCIAL DURANTE O PERÍODO 2017-2020. CREACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DO EQUIPO DE INCLUSIÓN SOCIAL

2.2.1.- OBXECTIVOS:

Obxectivo xeral:

- **Impulsar a inclusión social mediante a activación de capacidades para o emprego**, das persoas máis vulnerables, proporcionándolles un nivel de renda digno e mellorando as súas opcións de accesibilidade a un emprego adecuado.

Obxectivos específicos:

- Proporcionar ás persoas con maiores dificultades, unha atención personalizada de maior intensidade, incluíndo as prestacións económicas e todas as ferramentas de formación, orientación, etc. incrementando a súa empregabilidade mediante, entre outros recursos, a implementación de Convenios de Inclusión Activa co tecido empresarial ourensá.

- Promover a permanencia e a mellora da empregabilidade a través da acreditación de competencias profesionais, apoio á contratación, etc., e
- Prever a pobreza no emprego, incrementando a súa calidade e sustentabilidade.

Para lograr estes obxectivos e garantir a igualdade de oportunidades no acceso ó emprego xestionando a diversidade das persoas atendidas polos servizos sociais municipais, propónse a creación dun **Equipo de Inclusión Social Municipal**, incardinado na Concellalía de Asuntos Sociais que terá como **FINALIDADE**:

- Unificar os actuais servizos específicos da Concellalía de Asuntos Sociais no obxectivo común da inserción sociolaboral:
 1. Inmigrantes e emigrantes retornados.
 2. Personar sen fogar.
 3. Atención a poboación xitana e outras minorías étnicas.
 4. Imedra.
 - 4.1.- Conciliación da vida laboral, familiar e persoal.
- Optimizar a labor do persoal adscrito a cada un deles, insistindo na formación, conciliación e inserción laboral como obxectivo principal e final.
- Garantir a aquelas persoas en situación ou risco de exclusión social, a atención adecuada ás súas necesidades, adoptando medidas integrais e individualizadas.
- Mellorar as condicións de vida daquelas persoas que se atopan en dificultades para a súa inclusión social e laboral.
- Favorecer a adquisición ou recuperación do conxunto de destrezas, habilidades e competencias necesarias para a integración na comunidade daquelas persoas en situación ou risco de exclusión social: formación autonomía, responsabilidade, profesionalidade, etc.
- Facilitar a inserción socio-laboral das persoas que participen en algún dos programas sociais municipais.

- Favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo, duradeiro e de calidade, concertado co tecido empresarial ourensán.

2.2.2.- BENEFICIARIOS

Aquelas persoas que se inclúen nos criterios de valoración da situación ou de risco de exclusión, segundo o artigo 3, da Lei 10/2013 do 27 de novembro de inclusión social de Galicia.

2.2.3.- RECURSOS HUMANOS

- Xefa de Servizo de Asuntos Sociais.
- **Equipo de Inclusión Social**, formado por:
 - Unha Traballadora Social.
 - Dúas educadoras sociais.
 - Unha técnica en relacións laborais
 - Un Asesor Xurídico en materia de extranxeiría.
 - Un Psicopedagogo.
 - Un administrativo.
 - Unha psicóloga.

2.2.4.- METODOLOXÍA

O equipo de inclusión social Municipal tratará de cumprir os seus obxectivos, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades de Ourense e ao seu tecido

social e produtivo, asumindo as funcións establecidas no artigo 59 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.

A metodoloxía de intervención do persoal adscrito ó equipo de inclusión sociolaboral coas persoas destinatarias da inclusión, vén determinada pola definición de obxectivos persoais, profesionais e de busca de emprego; polo establecemento dun “contrato ou compromiso”; pola concreción e determinación dos recursos que se van empregar; pola programación das actividades e pola avaliación e seguimento do itinerario.

Como parte da súa intervención con persoas e familias, o equipo de Inclusión Social deberá estar coordinado con outros recursos do Sistema de Servizos Sociais e con aqueles outros sistemas que operan no ámbito social. A este respecto, destacamos a necesaria conexión próxima entre estes e os servizos sociais comunitarios básicos, as unidades tramitadoras da Renda de Inclusión Social e as entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.

Sen prexuízo da importancia das actividades centradas nas persoas que comprenden os itinerarios de inserción e o acompañamento profesional durante este proceso, **o último tramo do itinerario, orientado á inserción laboral, é obxecto de especial atención por parte dos equipos de inclusión social.** O salto cualitativo que supón o acceso a un posto de traballo é, a miúdo, posible grazas a un traballo de intermediación laboral equipo-empresas.

A intervención profesional terá como base a conciencia de grupo e a consecución dos obxectivos do Programa, e terá un carácter interdisciplinar e complementario, primando a colaboración e o apoio mútuos.

2.2.5.- TEMPORALIZACIÓN

Desde 2017 a 2020, seguindo as pautas xustificativas da Consellería de Política Social.

2.2.6.- FINANCIACIÓN

O Concello de Ourense aprobará anualmente partidas orzamentais específicas para o desenvolvemento das actuacións que se inclúen neste Programa.

Así mesmo este Programa estará cofinanciado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia e Inclusión, en cumprimento da Estratexia de Inclusión Social prevista para o período 2014-2020, a través dun acordo marco que se establecerá para tal fin.



1.- FUNDAMENTACIÓN

1.1.- LEI 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia

1.2.- LEI 10/ do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia

1.3.- Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020

1.3.1.- *Prioridades transversais da estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020*

1.3.2.-*Prioridades sectoriais da estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020*

2.- PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

2.1.- INTERVENCIÓN ESPECÍFICA ORIENTADA A ABORDAR DETERMINADOS FACTORES DE VULNERABILIDADE DESDE A CONCELLALÍA DE ASUNTOS SOCIAIS DO CONCELLO DE OURENSE.

2.2.- ACTUACIÓN MUNICIPAL NO EIDO DA INCLUSIÓN SOCIAL DURANTE O PERÍODO 2017-2020. CREACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DO EQUIPO DE INCLUSIÓN SOCIAL.

2.2.1.- OBXECTIVOS

2.2.2.- BENEFICIARIOS

2.2.3.- RECURSOS HUMANOS

2.2.4- METODOLOXÍA

2.2.5.- TEMPORALIZACIÓN

2.2.6.- FINANCIACIÓN



Concello de
OURENSE

Asuntos Sociais

**PROGRAMA MUNICIPAL DE INCLUSIÓN SOCIAL
2017-2020**



Concello de
OURENSE
Asuntos Sociais

PROXECTO DE FORMACIÓN PARA A INCLUSIÓN SOCIAL. 2017-2020

1.- NATUREZA E FUNDAMENTACIÓN

Proxecto de carácter municipal destinado a potenciar a promoción e a inclusión efectiva das persoas residentes no Concello de Ourense, que presentan ou atravesan unha situación de desvantaxe e/ou risco social por medio da súa incorporación e participación en actuacións de formación básica, social e ocupacional que melloren as súas capacidades sociolaborais e lles proporcionen uns recursos económicos mínimos para satisfacer as súas necesidades básicas.

Estas actuacións formativas abordan dous contidos complementarios:

-Formación básica e habilidades persoais, sociais e laborais xenéricas.

-Formación específica orientada á adquisición de coñecementos e destrezas para o desempeño dunha determinada actividade laboral. Á hora de seleccionar esta formación teranse en conta as características, preferencias e perfiles profesionais máis demandados polo mercado laboral actual así como outras ocupacións que se valoren axeitadas dado o seu interese social e/ou comunitario.

Con este proxecto preténdese configurar unha estratexia básica que integre, aglutine e dé soporte institucional ás distintas iniciativas públicas e privadas que xurdan no ámbito da formación para a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos do Concello.

Debido ao carácter multidimensional da exclusión social hai que partir do feito de que a exclusión é un proceso dinámico no que se poden identificar diferentes estados, diferentes graos que van desde un alto grao de inclusión ata a máis completa das exclusións e pode ter un carácter transitorio ou máis permanente.

Non debemos centrarnos soamente naquelas persoas que chegaron ás estacións finais do itinerario, senón tamén nas que se atopan facendo o camiño, podendo establecer tres zoas neste percorrido que nos axuden a dirixi-la intervención:

- **alto nivel de empregabilidade:** persoas e/ou unidades familiares que polas súas características persoais e sociais son consideradas plenamente capaces para adaptarse ao medio no que viven, independentemente de que sufran situacións críticas puntuais que poidan superar con ou sen apoio.
- **situación de vulnerabilidade:** persoas e/ou unidades familiares nas que se dan circunstancias e variables de vulnerabilidade incipientes pero con tendencia crecente, si non hai medidas preventivas e/ou compensatorias.
- **situación de exclusión:** persoas e/ou unidades familiares onde existe unha presenza histórica de indicadores de exclusión consolidada, estable e tendente á cronificación ou xa cronificada.

O traballo, é o gran pilar sobre o que se sustenta a inclusión social, posto que é a vía principal de obtención de ingresos para a maior parte da poboación, a base coa que se calcula o grao de cobertura social da poboación inactiva e tamén unha das principais vías de identidade persoal. Polo tanto, o grao e o tipo de participación no traballo determinan dunha forma moi clara e directa as condicións obxectivas de exclusión e inclusión social. O traballo é un estado, un proceso, definido pola calidade e a cantidade da participación activa do individuo no seu entorno ou comunidade.

Entendemos por empregabilidade o conxunto de coñecementos, saberes, aptitudes, e actitudes profesionais e xerais, integrados na persoa como capacidade, de tal xeito que á súa posta en acción, produce o rendemento económico e o comportamento esperado polo empregador. Un conxunto de factores que operativizados satisfagan as necesidades dos empregadores respecto da man de obra para as súas empresas. É polo tanto, un concepto difícil de precisar pola extensión dos seus compoñentes e polo cambiante que é na actualidade o mercado laboral.

Factores de exclusión directamente relacionados coa empregabilidade: características persoais e de entorno das persoas en situación, ou risco de exclusión, que son consideradas habituais nos análises sobre empregabilidade.

A variables máis relevantes son:

- idade
- nivel educativo
- tempo de desemprego
- pertenza a grupos de poboación específicos
- nacionalidade – asociado ao permiso de residencia, tempo no país, coñecemento do idioma, idiosincrasia cultural,...
- responsabilidades familiares, enfermidades ou outras limitacións autopercibidas

2.- OBXECTIVOS

Obxectivo xeral:

- **Activar as capacidades para o emprego**, das persoas máis vulnerables, mellorando as súas opcións de accesibilidade a un emprego adecuado.

Obxectivos específicos:

- Favorecer a adquisición ou recuperación do conxunto de destrezas, habilidades e competencias necesarias para a integración na comunidade daquelas persoas en situación ou risco de exclusión social: formación autonomía, responsabilidade, profesionalidade, etc.
- Promover a permanencia e a mellora da empregabilidade a través da acreditación de competencias profesionais, apoio á contratación, etc.,
- Previr a pobreza no emprego, incrementando a súa calidade e sostibilidade.

3.- METODOLOXÍA

A metodoloxía a seguir será multidisciplinar, inclusiva e participativa, ao longo de todo o proceso formativo, e terá como obxectivo mellorar as capacidades da persona para o acceso o mercado laboral.

4.- BENEFICIARIOS

Aquelas persoas que se inclúen nos criterios de valoración da situación ou de risco de exclusión, segundo o artigo 3, da Lei 10/2013 do 27 de novembro de inclusión social de Galicia.

5.- RECURSOS HUMÁNS

- Xefa de Servizo de Asuntos Sociais.
- **Equipo de Inclusión Social**, formado por:
 - Unha Traballadora Social.
 - Dúas educadoras sociais.
 - Unha técnica en relacións laborais
 - Un Asesor Xurídico en materia de extranxeiría.
 - Un Psicopedagogo.
 - Un administrativo.
 - Unha psicóloga.

6.- TEMPORALIZACIÓN

Durante o período 2017 a 2020.

7.- FINANCIACIÓN

o importe económico necesario para o desenvolvemento das distintas formacións específicas, a realizar durante cada ano, incluírse na partida presupuestaria municipal que se designará para cubrir os gastos correntes do Programa Municipal de Inclusión Social, que a súa vez, estará cofinanciado pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia e Inclusión, en cumprimento da Estratexia de Inclusión Social prevista para o período 2014-2020, a través dun acordo marco que se establecerá para tal fin.



INDICE
1.- NATUREZA E FUNDAMENTACIÓN
2.- OBXECTIVOS
3.- METODOLOXÍA
4.- BENEFICIARIOS
5.- RECURSOS HUMÁNS
6.- TEMPORALIZACIÓN
7.- FINANCIACIÓN



Concello de
OURENSE
Asuntos Sociais



Concello de
OURENSE
Asuntos Sociais

**PROXECTO DE FORMACIÓN PARA A INCLUSIÓN SOCIAL.
2017-2020.**



PROXECTO FORMATIVO PARA A INCLUSIÓN SOCIAL

PROPOSTA FORMATIVA 2018

ACCIÓN FORMATIVA- IMPARTIDA POR	COSTE
ACADEMIA JORGE 3 (600H)	
CURSO PERRUQUERÍA (10 ALUMNOS/AS)	9.190,00 €
CURSO DE ESTÉTICA (10 ALUMNOS/AS)	7.830,00 €

ACCIÓN FORMATIVA	COSTE
ACADEMIA FORIS (145 H)	
TRABALLADOR/A DOMESTICO/A (15 ALUMNOS/AS)	4.000,00 €

ACCIÓN FORMATIVA	COSTE
AUTÓNOMO. JOSÉ LUIS HERMIDA. FORMADOR EN HOSTELERIA (470 H)	
OPERACIONES BÁSICAS COCIÑA (15 ALUMNOS/AS)	8.000,00 €
CAMAREIRO/A RESTAURANTE-BAR (15 ALUMNOS/AS)	5.000,00 €

ACCIÓN FORMATIVA	COSTE
AUTÓNOMO. OLGA PARADELA. PSICÓLOGA (70 H)	
MELLORA E FORTALECEMENTO DAS CAPACIDADES PERSONAIS PARA O EMPREGO (15 ALUMNOS/AS)	1.800,00 €

ACCIÓN FORMATIVA	COSTE
AUTOESCOLA ALONSO	
CARNET DE CONDUCIR B1 (15 ALUMNOS/AS) - MATRICULA E MATERIAL DIDÁCTICO - APERTURA DE EXPEDIENTE TRÁFICO - 10 CLASES PRÁCTICAS - TAXAS DE EXÁMEN - PSICOTÉCNICO	8.019,00 €

ACCIÓN FORMATIVA	COSTE
ACADEMIA SEOANE (150 H)	
DEPENDENTE DE COMERCIO (15 ALUMNOS/AS)	5.520,00 €



ACCIÓN FORMATIVA	COSTE
CENTRO DE FORMACIÓN FORIS (450H)	
ATENCIÓN SOCIO SANITARIA (15 ALUMNOS/AS)	10.596,00 €

ACCIÓN FORMATIVA	COSTE
ACADEMIA POSTAL (238 H)	
LIMPEZA DE SUPERFICIES (15 ALUMNOS/AS)	9.520,00 €

COSTE DO TOTAL PRESUPOSTADO	69.475,00 €
------------------------------------	--------------------



Concello de
OURENSE
Asuntos Sociais

**PROXECTO FORMATIVO PARA A INCLUSIÓN SOCIAL
PROPOSTA FORMATIVA 2018**